



## INFORME DE CONXUNTURA SOCIOECONÓMICA

III / 2021

FERNANDO GONZÁLEZ LAXE (COORD.)

JOSÉ FRANCISCO ARMESTO PINA

PATRICIO SÁNCHEZ FERNÁNDEZ

SANTIAGO LAGO PEÑAS

## ASPECTOS SALIENTABLES

**1.** O segundo trimestre do ano caractérizase por unha reactivación da economía galega, que presenta unha medra do 17,5% respecto ao segundo trimestre do ano anterior, momento no que a economía galega, ao igual que a meirande parte das economías do noso entorno, sufrieron a maior contracción da historia recente. Este dinamismo é idéntico ao experimentado pola economía española e de maior intensidade en comparación co conxunto da UE-27 (13,8%) e os países da zona euro (14,3%). Con todo, a recuperación hai que considerala aínda como incompleta, tendo en conta que o PIB real aínda se atopa 4,2 puntos por baixo do nivel prepandemia, o que supón un mellor comportamento que a economía española (8,4 puntos por baixo) ou de CC.AA. como País Vasco ou Cataluña (5,6 e 5,4 puntos respectivamente). A UE-27 atópase 2,2 puntos por baixo, e Francia e Portugal, principais destinos dos produtos galegos, a 3,2 e 4,6 puntos do seu nivel precrise, respectivamente.

**2.** A reactivación da actividade económica en Galicia e España no segundo trimestre do ano ven motivada por unha achega positiva da demanda interna (18,5 puntos), o que contrasta coa contribución negativa nun punto do sector exterior en Galicia (achega dúas décimas no conxunto do Estado). Todos os compoñentes da demanda interna presentan taxas de variación interanuais positivas, salientando en relación ao conxunto do Estado o maior incremento tanto do gasto público en Galicia como tanto do consumo das familias. No caso do sector exterior as exportacións e as importacións galegas presentan un crecemento superior ao 36%, sendo o incremento das exportacións inferior ao da economía española. En relación ao nivel precrise cómpre

resaltar en primeiro lugar que tan só o gasto público presenta en Galicia e España valores superiores aos do cuarto trimestre de 2019; en segundo lugar, que tanto o gasto privado como o investimento presentan unha evolución similar en Galicia; e por último, destaca o acusado diferencial existente no caso das exportacións (-2% fronte ao -14,3% en España).

**3.** Dende o punto de vista da oferta, a reactivación en Galicia e España rexístrase en todos os sectores e ramas de actividade agás o sector primario, que presenta unha contracción do 3,6% fronte ao 6,7% en España. Asemade, o comportamento en Galicia é mellor que no conxunto do Estado agás no caso da construcción, cunha medra do 9,3% e 11,7%, respectivamente. A industria manufactureira medra un 31% respecto ao ano anterior, 1,8 puntos máis que en España, situándose esta porcentaxe no 19,8% no caso dos servizos, 2,2 puntos por riba do conxunto do Estado. Tanto en Galicia como en España os sectores de administración pública, sanidade e educación e o das actividades financeiras e de seguros presentan no segundo trimestre deste ano valores superiores ao nivel prepandemia, rexistrándose en Galicia as maiores caídas no caso da construcción, as actividades artísticas, recreativas e outros servizos na industria manufactureira.

**4.** A reactivación trasládase ao mercado de traballo, que acada un importante incremento do número de activos, máis intenso no caso das mulleres que dos homes, así como a mellora da ocupación en termos agregados. En relación ao nivel prepandemia, o número medio de horas efectivamente traballadas (EPA), que reflicte de maneira más clara os efectos inducidos da pande-

mia e as sucesivas medidas adoptadas, medra un 35,5%, acadando xa no segundo trimestre do ano o seu nivel precrise. Na mesma liña, a taxa de variación interanual do número de horas traballadas reflectidas nas contas supera o 33% e a dos postos de traballo equivalente a tempo completo sitúase no 26,7%.

**5.** A pesar da mellora da ocupación, Galicia manteñese como a segunda C.A. coa participación laboral máis reducida tras Asturias, e a quinta coa taxa de ocupación más baixa. No segundo trimestre de 2021 a taxa de actividade ascende ata o 52,5% (58,6% no conxunto do Estado), e a taxa de ocupación ata o 46% fronte ao 49,6% en España. Asemade, hai que resaltar que en ambos os dous casos no último trimestre aumenta o diferencial coa media española en comparación co estimado ao mesmo trimestre do ano anterior. A taxa de paro aumenta lixeiramente en Galicia acadando o 12,4%, case tres puntos menos que no conxunto de España (15,3%), o que a sitúa nunha posición intermedia respecto ao resto das CC.AA.

**6.** Non obstante, este dinamismo non foi homoxéneo. Dunha banda, segundo os datos da EPA a reactivación económica nótase fundamentalmente entre as persoas maiores de 45 anos e entre as que posúen estudos superiores. Porén, doutra banda, apréciase un deterioro da calidade do emprego tendo en conta a maior intensidade do incremento do traballo a tempo parcial e a medra do número de asalariados con contrato temporal en tanto que se reduce no caso dos contratos indefinidos. Asemade, cómpre mencionar o incremento da desigualdade entre homes e mulleres atendendo á evolución do peso relativo do emprego

a tempo parcial entre as mulleres (oito de cada dez empregos parciais corresponden ás mulleres e case a cuarta parte das mulleres teñen un emprego a tempo parcial fronte ao case 6% no caso dos homes).

**7.** En termos de poboación ocupada, a EPA reflicte un descenso da ocupación experimentado no sector primario así como na industria manufactureira (0,3% e 8,6%, respectivamente), o que contrasta coa medra da construcción e o sector servizos (descende a ocupación na hostalería e educación). Por contra, en termos de horas efectivamente traballadas o dinamismo reflíctese en todas as ramas de actividade, salientando a medra dun 191,2% na hostalería ou o 35,7% na industria manufactureira.

**8.** Más allá de los evidentes riesgos ambientales asociados al crecimiento económico, la entrada de China en la Organización Mundial del Comercio en 2001 ha intensificado la globalización económica, poniendo en evidencia sus riesgos, así como la necesidad de cambio hacia modelos de desarrollo económico más sostenibles. Necesario para evitar las graves tensiones en el acceso a recursos materiales (de todo tipo, y en sus mercados), amén de otras de carácter económico, social y ambiental, cuando intentamos trasladar hacia economías menos desarrolladas pero con impacto sistémico (particularmente China), el modelo económico lineal imperante durante todo el siglo veinte en Europa o Norteamérica. Al amparo de dicho cuestionamiento, surgen iniciativas en el ámbito empresarial, social, académico y político, que sitúan a la economía circular en el centro del debate, y deben ser incorporados en los planes estratégicos elaborados por administradores públicos y empresas.

## CONTIDOS

### I- ANÁLISE CONXUNTURA:

- . Contas económicas.
- . Mercado de Traballo.

### II - COMENTARIO:

- . La transición hacia una Economía más Circular

*O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes más salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.*

ISSN 2530-318X

Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia  
Setembro de 2021

## I- ANÁLISE DE CONTAS

### 1- CONTAS ECONÓMICAS: ACTIVIDADE ECONÓMICA EN GALICIA NO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2021. REACTIVACIÓN DA ECONOMÍA GALEGA

O segundo trimestre do ano caracterízase por una reactivación da economía galega, que presenta unha medra do 17,5% respecto ao segundo trimestre do ano anterior, momento no que a economía galega, ao igual que a meirande parte das economías do noso entorno, sufriren a maior contracción da historia recente. Este incremento interanual, idéntico ao acontecido no conxunto do Estado é superior ao experimentado na Unión Europea ou no conxunto de países da zona euro (13,8% e 14,3%, respectivamente). A pesar desta reactivación, a recuperación hai que considerala como incompleta tendo en conta que o PIB real aínda se atopa 4,2 puntos por baixo do nivel precrise, o que supón un mellor comportamento que a economía española (8,4 puntos) ou de CC.AA. como País Vasco ou Cataluña (5,6 e 5,4 puntos). O conxunto da Unión Europea atópase 2,2 puntos por baixo, e Francia e Portugal, os principais destinos dos produtos galegos, a 3,2 e 4,6 puntos do seu nivel precrise, respectivamente.

A reactivación da actividade económica en Galicia e España no segundo trimestre do ano ven motivada por unha achega positiva da demanda interna (18,5 puntos), o que contrasta coa contribución negativa do sector exterior (1 punto). Todos os componentes da demanda interna presentan taxas de variación interanuais positivas, salientando en relación ao conxunto do Estado o maior incremento do gasto público en Galicia así como o menor dinamismo do consumo das familias. No caso do sector exterior as exportacións e as importacións galegas presentan un crecemento superior ao 36%, sendo o incremento das exportacións inferior ao da economía española. En relación ao nivel precrise cómpre resaltar en primeiro lugar que tan só o gasto público presenta en Galicia e España valores superiores aos do cuarto trimestre de 2019, e en segundo lugar, que tanto o gasto privado como o investimento presentan unha evolución similar en Galicia; e por último, destaca o acusado diferencial existente no caso das exportacións (-2% fronte ao -14,3% en España).

Dende o lado da oferta, a devandita reactivación en Galicia e España rexístrase en todos os sectores e ramas de actividade agás no sector primario, que presenta unha contracción do 3,6% fronte ao 1,2% en España. Os outros tres grandes sectores produtivos e as diferentes ramas de actividade presentan unha medra interanual superior en Galicia que en España, agás no caso da construcción. Tanto en Galicia como en España os sectores de administración pública, sanidade e educación e o das actividades financeiras e de seguros presentan no segundo trimestre deste ano valores superiores ao nivel precrise, rexistrándose as maiores caídas no caso da construcción, as actividades artísticas, recreativas e outros servizos e na industria manufactureira.


## 1- ACTIVIDADE ECONÓMICA

Dende o inicio da crise económica orixinada pola pandemia a economía galega experimentou unha forte contracción do PIB estando o seu comportamento condicionado pola evolución da pandemia e as medidas adoptadas para frear a súa expansión. No segundo trimestre de 2021 reactívase a actividade económica presentando por primeira vez taxas de variación positivas, se ben a taxa de variación interanual é lixeiramente inferior á caída rexistrada no mesmo período do ano anterior. Ante a rapidez dos cambios é necesario centrarse nas taxas de variación interanual en cada un dos trimestres

así como a súa comparación coa situación no momento antes da pandemia (cuarto trimestre de 2019) e co mesmo período do ano 2019. Dunha banda, tanto o conxunto de países da Unión Europea (UE-27) como da zona euro experimentan unha medra interanual da súa actividade económica do 13,8% e 14,3%, respectivamente, taxas relativamente similares ás experimentadas no ano anterior.

Entre as principais economías da zona euro, España e Francia, que no comezo da crise presentaron as maiores contracciones do PIB, rexistran os maiores crecementos interanuais, con 17,5% e 18,7%, respectivamente, sendo esta porcentaxe do 9,4% en Alemaña. Cómpre mencionar

### Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas, 2019-2021. Taxas de variación interanual




Fonte: Eurostat

que esta reactivación económica en España e Alemaña é inferior á contracción do segundo trimestre de 2020, sendo similar na caso da economía francesa.

Se a comparación se fai coa situación existente no momento antes da pandemia, a recuperación ten de considerarse como incompleta xa que nas diferentes

economías consideradas o nivel de PIB real é inferior ao rexistrado no cuarto trimestre de 2020. No segundo trimestre do ano 2021 o PIB de España atópase 6,8 puntos por baixo do nivel precrise, sendo este diferencial de 4,6 puntos en Portugal, de 3,3 puntos no caso de Alemaña ou de 2,2 puntos en relación á UE-27.

## Evolución do PIB real na UE-27 e nas principais economías europeas, 2019-2021. (Base 4 trimestre 2019 = 100)




Fonte: Eurostat

No que á evolución da economía galega se refire, a pesar da menor incidencia negativa da crise orixinada pola COVID en Galicia ao longo de todo o ano 2020 e primeiro trimestre de 2021 a taxa de variación interanual do PIB galego no último trimestre é similar á do conxunto do Estado. No segundo trimestre de 2021 tanto a economía española como a galega medra-

ron un 17,5% respecto ao mesmo período do ano anterior cando no trimestre anterior a contracción do PIB fora do 4,2% e 2,9%, respectivamente.


Se se compara o impacto da crise económica de 2008 coa derivada da pandemia orixinada pola COVID-19, esta é significativamente superior, pero que a recuperación tamén semella que vai ser moito máis

Fonte: IGE e INE



intensa. Tomando coma referencia o valor máis elevado do PIB antes das crises, Galicia presenta un impacto inicial inferior

ao rexistrado en España, se ben a recuperación da crise económica de 2008 foi más rápida no Estado. Galicia acadou




Fonte: IGE e INE

o nivel precrise no primeiro trimestre de 2018, dez anos máis tarde, en tanto que a economía española acadouno no cuarto trimestre de 2016, case nove anos máis tarde (35 trimestres). Na actualidade o PIB galego atópase un 4,2% por baixo do nivel anterior ao comezo da crise sanitaria sendo esta porcentaxe do 6,8% no caso da economía española.

Se a comparación se fai coa evolución noutras CC.AA. tomando como referen-

cia a situación existente no momento antes da pandemia (cuarto trimestre 2019), cómpre resaltar que a caída da economía galega non só é menos intensa que a rexistrada en CC.AA como Navarra, País Vasco ou Cataluña, senón que a reactivación da actividade económica galega é superior á de Cataluña e País Vasco. Tan só a comunidade autónoma de Navarra presenta un mellor comportamento.




Fonte: IGE e INE

## DEMANDA AGREGADA

A reactivación da actividade económica en Galicia e España no segundo trimestre do ano ven motivada por unha achega positiva da demanda interna, o que contrasta coa contribución negativa do sector exterior. Dunha banda,

a diferenza do que acontecía dende o comezo da actual crise económica, a demanda interna achega 18,5 puntos porcentuais ao crecemento agregado do PIB galego en tanto que no mesmo trimestre do ano anterior, cando

### Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2019-2021



Fonte: IGE e INE

o impacto negativo da crise foi máis intenso, esta detraía 19,5 puntos. No conxunto do Estado a demanda interna contribúe en menor medida que en Galicia ao seu crecemento agregado do PIB, con 20,3 puntos (-18,7 puntos no ano anterior). Por contra, o sector

exterior presenta en Galicia unha achega negativa dun punto porcentual no segundo trimestre de 2021 (dúas décimas más que no segundo trimestre de 2019), o que contrasta coa achega positiva no trimestre anterior ou no segundo trimestre de 2020. O cadro ma-

croeconómico de Galicia amosa que todos os compoñentes da demanda interna contribúen á devandita reactivación económica, mantendo o gasto en consumo das administracións públicas un incremento interanual por non-veno trimestre consecutivo. No segun-

do trimestre de 2021 o gasto público medra en Galicia un 8,2%, porcentaxe tan só superado experimentado no de-rradeiro trimestre de 2020 no devandito período. Por contra, a actual crise traduciuse en caídas interanuais tanto do consumo privado como do inves-

## Cadro macroeconómico de Galicia 2018-2021. Taxas de variación interanual.

	%												
	2019	2020	2019/I	2019/II	2019/III	2019/IV	2020/I	2020/II	2020/III	2020/IV	2021/I	2021/II	
<b>Produto Interior Bruto</b>	1,8	-8,9	2,8	1,6	1,6	1,1	-3,8	-18,0	-6,2	-7,6	-2,9	17,5	
Demanda													
Gasto en consumo final	2,0	-7,4	0,6	2,3	2,8	2,4	-3,6	-18,3	-2,9	-4,7	-3,4	18,7	
Fogares e institucións privadas sen fin de lucro	2,1	-11,3	1,0	1,9	2,5	2,8	-6,5	-24,5	-4,9	-9,4	-6,0	23,4	
AA. Públicas	1,8	4,5	-0,7	3,3	3,6	1,1	5,2	0,3	3,1	9,6	3,6	8,2	
Formación Bruta de Capital	1,8	-13,2	6,0	2,8	0,7	-2,1	-9,8	-25,5	-9,7	-7,4	-1,5	17,8	
<b>Achega demanda interna ao PIB</b>	2,0	-8,3	1,5	2,4	2,4	1,6	-4,6	-19,5	-4,0	-5,1	-3,0	18,5	
Exportacións	0,2	-5,8	1,1	-5,0	1,2	3,6	-0,3	-23,4	1,3	-1,4	4,6	36,4	
Importacións	0,6	-4,6	-1,4	-3,6	2,9	4,7	-1,9	-26,2	5,5	3,3	4,5	39,3	
<b>Achega demanda externa ao PIB</b>	-0,2	-0,6	1,3	-0,8	-0,8	-0,5	0,8	1,5	-2,2	-2,5	0,1	-1,0	
Oferta													
Sector primario	-0,2	-3,3	0,9	-1,6	-0,4	0,1	-1,9	-1,0	-3,4	-7,0	-3,5	-3,6	
Industria	-1,4	-8,6	-0,1	-2,5	-2,0	-0,9	-1,8	-21,5	-5,5	-5,6	2,0	18,7	
Industria manufactureira	0,6	-9,6	-1,7	-0,7	2,8	2,1	-2,2	-28,8	-4,1	-3,3	-0,3	31,0	
Construcción	3,4	-12,6	5,9	4,1	3,1	0,7	-6,8	-22,1	-10,2	-11,2	-7,3	9,3	
Servizos	2,7	-8,1	3,5	2,7	2,6	1,9	-3,5	-17,2	-5,2	-6,5	-3,3	19,8	
Comercio, transporte e hostalería	3,6	-19,5	5,1	3,8	3,9	1,6	-8,9	-37,5	-13,8	-17,7	-13,5	53,1	
Información e comunicacions	0,5	-0,1	0,4	-0,5	1,0	1,3	6,9	-6,6	0,0	-0,5	-6,1	2,3	
Actividades financeiras e de seguros	1,3	-0,4	2,2	-0,5	-1,4	5,3	-3,5	1,0	0,5	0,3	6,8	3,2	
Actividades inmobiliarias	1,2	-0,3	1,4	1,3	1,2	1,0	0,4	-0,2	-0,6	-0,8	-0,4	0,1	
Actividades profesionais	4,1	-9,3	6,9	3,4	3,2	3,0	-5,2	-22,8	-3,8	-5,7	1,4	29,2	
Administración pública, sanidade e educación	3,0	1,6	2,5	3,5	3,3	2,7	2,7	1,1	0,9	1,5	3,5	5,0	
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	0,4	-18,0	0,5	0,6	0,4	0,3	-9,5	-42,7	-8,4	-11,2	-1,3	56,2	


Fonte: IGE

timento. Tras cinco trimestres consecutivos de contracción, o consumo privado rexistra unha medra do 23,4% e o investimento o fai nun 17,8%, sendo estes incrementos menos intensos que o desplome rexistrado no mesmo trimestre do ano anterior (-24,5% e

-25,5%, respectivamente).

En comparación coa evolución destes indicadores na economía española, o maior crecemento do gasto en consumo final ven motivado tanto polo maior dinamismo do consumo das administracións públicas como do gasto en

## PIB real en Galicia e España segundo trimestre 2021. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE


consumo dos fogares o que contrasta co comportamento do investimento. Dunha banda, o consumo privado medra en España un 22,9% respecto ao ano anterior, cinco décimas por baixo do experimentado na C.A., en tanto que no caso do consumo público o diferencial é de case cinco puntos situándose a taxa de variación interanual no 3,4% en España fronte aos devanditos 8,2% en Galicia.. Por contra, o investimento medra en España un 18,9%, máis dun punto superior ao da economía galega.

Atendendo á evolución destes compoñentes da demanda interna desde o inicio desta crise económica orixinada pola COVID, tanto en Galicia como en España tan só o gasto das administracións públicas presenta neste segundo trimestre de 2021 un nivel superior ao rexistrado no derradeiro trimestre de 2019. O nivel de gasto público en Galicia é 10,2% superior ao do cuar-

to trimestre de 2019, catro puntos por riba do que acontece na economía española. Asemade, tanto o investimento como o gasto privado presentan un comportamento similar, rexistrando o investimento unha caída do 8,7% en Galicia (8,8% en España) en tanto que o gasto das familias galegas contráese un 8% en relación ao cuarto trimestre de 2019 fronte a unha caída de 7,8 puntos no Estado.

No que á demanda externa se refire, o cadre macroeconómico de Galicia reflecte a súa achega negativa ao crecemento agregado do PIB. No segundo trimestre de 2021 a demanda externa detrae un punto porcentual (dúas décimas más que no segundo trimestre de 2019), o que contrasta coa achega positiva no trimestre anterior (unha décima) ou no segundo trimestre de 2020 (punto e medio). Isto ven motivado por unha medra das exportacións

## PIB real en Galicia e España segundo trimestre 2021. Indicadores de demanda. Base IV trimestre 2019 = 100




Fonte: IGE e INE

do 36,4% fronte ao incremento do 39,3% no caso das importacións. No conxunto do Estado tanto as compras como as vendas de bens e servizos ao exterior rexistraron unha medra de menor intensidade que en Galicia, aumentando un 36,8% e 34,1%, respectivamente. En relación ao nivel precrise, as exportacións galegas no segundo trimestre de 2021 sitúanse un 2% por baixo fronte aos 17,1% no caso da economía española, sendo este diferencial menos acusado no caso das importacións (2,3% en Galicia e 8% en España).

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total das exportacións galegas no segundo trimestre do ano 2021, impulsado polo bo comportamento dos

sectores de material de transporte, que case cuadriplica o valor das súas vendas ao exterior, téxtil-confección e o de automóbiles e motos, medrou un 57,6% o que contrasta coa redución do 28,8% no mesmo período do ano anterior. Entre abril e xuño as vendas totais a terceiros países ascenden a 5.705,3 millóns de euros, o que representa o 38,5% do PIB galego, más de nove puntos por riba do rexistrado no ano precedente. A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal sitúase no 7,3%, cinco décimas máis que no mesmo período do ano precedente. Tendo en conta que as importacións galegas, tras unha medra do 59,5% respecto ao mesmo período do ano anterior acadan un importe de 4.503,8 millóns de euros, o saldo

## Exportacións galegas do sector do automóbil, téxtil-confección e pesca 2009-2021. Datos acumulados segundo trimestre



Fonte: ICEX

positivo da balanza comercial galega aumenta ata os 1.372,1 millóns de euros, un 51,6% máis que no ano anterior (467,2 millóns máis).

O sector do automóbil e as actividades de téxtil e confección seguen a ser os sectores exportadores máis importantes en termos de valor. Dunha banda, o importe das vendas do sector do automóbil medrou un 68,2% respecto ao ano anterior, acadando os 1.326,3 millóns de euros, o importe máis elevado dos últimos trece anos nun segundo trimestre. Doutra banda, o sector téxtil-confección, tras unha medra interanual do 71,4%, vendeu ao exterior produtos por valor de 1.092,1,5 millóns de euros. Tras esta evolución, o peso relativo do sector do automóbil nas exportacións galegas aumenta ata o 22,6%, o que representa a porcentaxe máis elevada nun segundo trimestre dende o ano

2013; en tanto que o téxtil incrementa a súa importancia relativa ata o 18,6%, porcentaxe que nos últimos dez anos tan só supera á rexistrada en 2020. En conxunto as dúas ramas de actividade concentran o 41,2% das vendas galegas a terceiros países, case tres puntos máis que no segundo trimestre do ano anterior. O sector da pesca racha a súa tendencia positiva iniciada en 2015 sendo o seu peso relativo do 9,9% no segundo trimestre de 2021, case catro puntos menos que no ano anterior (13,7%).



Atendendo á desagregación segundo destino das vendas galegas ao exterior, a meirande parte das grandes áreas xeográficas presentan unha medra do valor total das exportacións, salientando os incrementos porcentuais de Oceanía por mor das vendas a Australia correspondentes ao sector naval, mul-

tiplicando por 43 o valor exportacións (2.905 millóns de euros máis). As vendas a América e África máis que duplican o seu importe en relación ao ano anterior (206,8 e 183,6 millóns de euros máis, respectivamente). Nestes dous continentes as áreas que presentan un maior dinamismo son América do Sur, onde as vendas galegas triplican o seu valor, e África do Norte, onde as exportacións aumentaron un 128,2%. No conxunto dos países de Europa o incremento das vendas foi do 42,7% (1.391,1,2 millóns de euros máis), situándose esta medra no 42% no caso da UE-27 (1.190 millóns de euros). Tras esta evolución, o 68,4% das exportacións no segundo trimestre diríxense á UE-27 fronte ao 75,9% no mesmo período do ano anterior (70,8% en 2019). O resto dos países europeos

concentran o 9% das vendas galegas ao exterior, seis décimas menos que en 2020 (14,5% en 2019), situándose África do norte como a terceira área comercial co 5% (3,4% en 2020).

Francia mantense como o principal destino das exportacións galegas concentrando o 21% do total, cando no ano anterior representaba o 25,5%. A continuación sitúanse Portugal e Italia, que concentran o 12,5% e 8,7%, respectivamente (14,1% e 7,9% no ano anterior). Cómpre resaltar que no último ano Australia é o sexto destino comercial de Galicia (4,6% das exportacións galegas fronte ao 0,1% do ano anterior) por mor do devandito comportamento do sector naval.

## Exportacións galegas do sector do automóbil, téxtil-confección e pesca 2009-2021. Datos acumulados segundo trimestre



Fonte: ICEX

Por último, no concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores, cómpre resaltar en primeiro lugar o comportamento no sector do automóbil, que no segundo trimestre de 2021 acada un saldo positivo de 98,2 millóns de euros, importe significativamente inferior ao rexistrado no ano anterior (222,7 millóns de euros). Esta redución ven motivada polo comportamento das vendas de compoñentes de motor cuxo saldo deficitario medra ata 782,9 millóns de euros, más do dobre do rexistrado no ano anterior (-357 millóns), o que

contrasta coa evolución do subsector de fabricación de automóbiles e motos, cun superávit que supera os 880 millóns de euros fronte aos 580 do ano anterior. Asemade, o saldo positivo do subsector téxtil-confección case que se duplica para acadar os 692,7 millóns de euros fronte a un superávit de 567,6 millóns no ano anterior. Por último cómpre mencionar que no ámbito dos alimentos a pesca reduce o seu saldo negativo ao acadar un déficit de 39,1 millóns de euros, un 25,7% menos que no mesmo trimestre do ano anterior.


## AGREGADOS DA OFERTA

Dende o punto de vista sectorial, a reactivación da actividade económica en Galicia e España rexístrase en todos os sectores e ramas de actividade agás no sector primario, que presenta unha contracción do 3,6% fronte ao 6,7% en España. Tanto a construcción como en maior medida o conxunto do sector industrial presenta unha medra interanual superior en España que en Galicia, rexistrándose o maior diferencial no caso da industria, que medra un 23,7% no conxunto do Estado fronte ao 18,7% en Galicia. Con todo, no ámbito do sector industrial cómpre resaltar que a actividade manufactureira medra en Galicia un 31% respecto ao ano anterior, sendo esta medra case dous puntos superior á do conxunto

do Estado. O sector da construcción presenta no segundo trimestre do ano unha medra do 9,3% en Galicia fronte aos 11,7% en España.

Por último, o sector servizos presenta unha taxa de variación interanual do 19,8% en Galicia, 2,2 puntos superior á rexistrada en España. Entre as actividades englobadas no sector terciario cómpre mencionar en primeiro lugar o forte crecemento interanual rexistrado en Galicia polo subsector de actividades artísticas, recreativas e outros servizos e o de comercio, transporte e hostalería, que foron dous dos sectores máis afectados pola crise (56,2% e 53,1%, respectivamente). Por último cómpre mencionar o incremento do 5% experimentado pola administra-

## Produto Interior Bruto en Galicia e España segundo trimestre 2021: distribución segundo principais componentes da oferta. Taxas de variación interanual




Fonte: IGE e INE

ción pública, sanidade e educación en Galicia, situándose esta porcentaxe no 4,9% no conxunto do Estado.

A pesar da reactivación económica do último trimestre, se se comparan os niveis do valor engadido en termos reais do segundo trimestre de 2021 cos do derradeiro trimestre de 2019, o gráfico amosa que tanto en Galicia como en España os sectores de administración pública, sanidade e educación e o das actividades financeiras e de seguros presentan no segundo trimestre deste ano unha mellor situación que en 2019. Asemade, hai que destacar

o comportamento do sector primario en Galicia e España ao rexistrar a economía española unha contracción menos intensa que en Galicia onde o sector primario é en 2021 un 5,8% inferior ao nivel precente fronte ao 1,7% no conxunto de España). Por contra, a construcción e os servizos presentan unha contracción da actividade inferior en Galicia que no Estado, salientando na Comunidade Autónoma unha intensa caída na construcción (13,8%), as actividades artísticas, recreativas e outros servizos (10,4%) e a industria manufactureira (7,3%).

## PIB real en Galicia e España no segundo trimestre 2021. Indicadores de oferta. Base IV trimestre 2019 = 100




Fonte: IGE

Tendo en conta o forte impacto da crise orixinada pola pandemia, que supuxo case a paralización de determinadas ramas de actividade, para ver ver a súa incidencia na estrutura produtiva de Galicia convén comparala coa rexistrada no mesmo período de 2019.

Dunha banda, a pandemia orixinou unha importante redución do peso relativo do subsector de comercio, transporte

e hostalería que no segundo trimestre de 2021 concentra o 22,5% do veb xerado en Galicia, case un punto menos que no mesmo trimestre de 2019 (23,4%). No extremo oposto cómpre mencionar o aumento en máis de dous puntos porcentuais da importancia relativa da administración pública, sanidade e educación, que concentra o 21% no segundo trimestre fronte ao 18,8% de 2019.

**Evolución da estrutura produtiva de Galicia.  
Principais ramas de actividade  
(VEB Galicia = 100)**



*Fonte: IGE*

## O MERCADO DE TRABALLO NO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2021

*A reactivación da economía galega trasládase ao mercado de traballo que presenta un importante incremento do número de activos, máis intenso no caso das mulleres que dos homes, así como a mellora da ocupación en termos agregados. Hai que salientar que o indicador do número de horas efectivamente traballadas acada xa neste segundo trimestre o nivel precrise.*

*A incremento do PIB nun 17,5% trasládase directamente ao mercado de traballo presentando tanto o número de afiliacións como da poboación ocupada unha medra significativamente inferior (3,1% e 2,5%, respectivamente). Por contra, os outros tres indicadores presentan unha medra moito más acusada, salientando as horas traballadas reflectidas nas contas económicas que presentan unha medra do 35,5% respecto ao ano anterior.*

*Non obstante, este dinamismo non foi homoxéneo. A reactivación económica nótase fundamentalmente entre as persoas maiores de 45 anos e entre as que posúen estudos superiores, en tanto que se deteriora a calidade do emprego tendo en conta a maior intensidade do incremento do traballo a tempo parcial e a medra do número de asalariados con contrato temporal en tanto que se reduce no caso dos contratos indefinidos. Asemade, cómpre mencionar o incremento da desigualdade entre homes e mulleres atendendo ao incremento do peso relativo do emprego a tempo parcial entre as mulleres (oito de cada dez empregos parciais corresponden ás mulleres e case a cuarta parte das mulleres teñen un emprego a tempo parcial fronte ao case 6% no caso dos homes).*

*A devandita heteroxeneidade apréciase tamén desde o punto de vista sectorial, salientando o descenso da poboación ocupada experimentado no sector primario así como na industria manufactureira. Entre os servizos tanto a hostalería como a educación presentan unha redución da poboación ocupada.*

*A reactivación incide nunha importante caída do número de traballadores en ERTE, principal mecanismo de protección dos traballadores por conta allea. A finais de xullo 10.353 persoas estaban acollidos a un ERTE, o que representa o 1,3% dos afiliados por conta allea (6,1% en xaneiro).*

Unha primeira aproximación global á situación do mercado de traballo no segundo trimestre de 2021 pode realizarse a partir dos indicadores básicos do mercado laboral da economía galega e a súa comparación do resto das CC.AA.: taxa de ac-

tividade, taxa de ocupación, taxa de paro e taxa de temporalidade. Dunha banda, a participación laboral dos galegos aumenta no segundo trimestre do ano ata o situarse no 52,5%, un punto e medio por riba do rexistrado no mesmo período do ano an-

## Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2019-2021

	2019		2020 (miles persoas)				2021		21/20
	IV	I	II	III	IV	I	II	II	
Poboación maior de 16 anos	2.337,1	2.338,6	2.338,8	2.339,0	2.339,6	2.341,3	2.340,5	1,7	
Poboación activa	1.241,7	1.239,8	1.192,9	1.227,4	1.223,5	1.218,1	1.229,1	36,2	
25 - 34 anos	221,4	218,8	203,1	210,5	210,3	206,2	206,4	3,3	
Poboación ocupada	1.096,0	1.083,0	1.050,4	1.082,6	1.080,9	1.059,8	1.076,7	26,3	
Conta propia	212,4	210,4	200,3	201,7	208,6	207,6	209,5	9,2	
Conta alrea	883,3	872,1	850,0	880,6	871,7	851,8	867,0	17,0	
Outra situación	0,4	0,5	0,1	0,3	0,6	0,4	0,2	0,1	
Poboación parada	145,8	156,8	142,5	144,8	142,6	158,3	152,4	9,9	
Parado longa duración	55,7	55,4	40,1	53,7	50,1	61,4	63,7	23,6	
Poboación inactiva	1.095,4	1.098,8	1.145,9	1.111,6	1.116,1	1.123,2	1.111,4	-34,5	
Taxa de actividade	53,1%	53,0%	51,0%	52,5%	52,3%	52,0%	52,5%		
Taxa de ocupación	46,9%	46,3%	44,9%	46,3%	46,2%	45,3%	46,0%		
Taxa de paro	11,7%	12,6%	11,9%	11,8%	11,7%	13,0%	12,4%		
Taxa de temporalidade	25,1%	25,1%	22,1%	24,6%	24,3%	23,3%	24,2%		
Afiliations (media trimestral)	1.016,5	998,7	978,4	1.005,0	1.002,1	992,9	1.008,5	30,1	
Paro rexistrado (media trimestral)	165,1	169,5	189,1	176,3	186,1	184,0	164,6	-24,5	

Fonte: IGE

terior. Esta porcentaxe sitúa a Galicia novamente como a segunda C.A. coas taxas más reducidas tras Asturias, cun 51,1% (58,6% no conxunto do Estado).

A taxa de actividade feminina é notablemente inferior á masculina, con taxas do

48,5% e 56,9%, respectivamente, o que supón un diferencial de 8,4 puntos porcentuais (9,3 puntos no ano anterior). No conxunto do Estado, o diferencial redúcese ata os 9,8 puntos (11,3 puntos en 2020), descendendo a taxa de actividade feminina

## Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade, 2º trimestre 2021

	Galicia	España	Melhores CC.AA.	Peores CC.AA.
Taxa de actividade	52,5%	58,6%	Baleares (64,7%)	Asturias (51,1%)
			Madrid (63,6%)	Galicia (52,5%)
			Cataluña (61,3%)	Castela e Leon (54,2%)
Taxa de ocupación	46,0%	49,6%	A Rioxa (60,8%)	País Vasco (53,4%)
			Madrid (55,9%)	Canarias (42,9%)
			Baleares (54,9%)	Asturias (44,1%)
			A Rioxa (53,8%)	Andalucía (44,8%)
Taxa de paro	12,4%	15,3%	Cataluña (53,7%)	Estremadura (44,9%)
			País Vasco (10,0%)	Canarias (24,7%)
			Navarra (10,3%)	Andalucía (21,6%)
			Aragón (10,7%)	Estremadura (19,2%)
			A Rioxa (11,5%)	C. Valenciana (16,7%)
Taxa de temporalidade	24,2%	25,1%	Madrid (19,6%)	Estremadura (34,5%)
			Cataluña (20,8%)	Andalucía (32,9%)
			Cantabria (22,3%)	Murcia (30,8%)
			Navarra (22,5%)	Canarias (28,4%)

Fonte: INE

ata o 53,8% e a masculina ata o 63,6%.

No que á taxa de ocupación se refire, a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos aumenta en Galicia ata o 46%, se ben aumenta o diferencial con respecto á media estatal que se sitúa en 3,6 puntos fronte aos 3,2 puntos do trimestre anterior (no conxunto do Estado ascende ata o 49,6%). Esta porcentaxe mantén a Galicia como que a sitúa como a quinta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Canarias (42,9%), Asturias (44,1%), Andalucía (44,8%) e Estremadura (44,9%). Ao igual que acontece coa taxa de actividade, a participación das mulleres é inferior á dos homes, sendo o diferencial en Galicia inferior ao estimado no conxunto do Estado. Entre os homes la taxa de emprego sitúase no 50,4% fronte ao 41,9% no caso das mulleres, o que implica un diferencial de 8,6 puntos, fronte aos 10,6 puntos en España (55,1% e 44,5%, respectivamente).


A taxa de paro galega ascende no último trimestre ata o 12,4%. O que a sitúa nunha posición intermedia en relación ao resto das CC.AA., áinda que lonxe das taxas estimadas no País Vasco (10%), Navarra (10,3%) ou Aragón (10,7%). A taxa de paro feminina volve a presentar en Galicia unha das taxas más reducidas, cun 13,6%, tan só superada por Navarra (9,8%), País Vasco, cun 10,4%, e Madrid, co 12,8% (media estatal 17,4%). Non obstante, o diferencial coa media estatal ascende ata os 3,8 puntos porcentuais, 1,7 puntos máis que no caso da taxa de desemprego masculina. Esta última descende ata o 11,3%, o que a sitúa nunha posición intermedia respecto ao resto das CC.AA. (13,4% en España).

## POBOACIÓN ACTIVA

O número de persoas activas en Galicia racha a súa tendencia descendente acadando no segundo trimestre de 2021 un total de 1.229.100 persoas, o que supón unha medra interanual do 3% (36.200 máis), a máis acusada da serie publicada (terceiro trimestre de 2009). Se a comparación se fai co nivel preciso, a redución ascende ata as 12.600 persoas, o que supón un 1% menos que no derradeiro trimestre de 2019. Cómprase resaltar que no segundo trimestre do ano o incremento da poboación activa rexístrase tanto en homes como en mulleres, sendo máis intensa, tanto en termos absolutos como relativos, no caso das mulleres. Entre abril e xuño a poboación activa medrou entre as mulleres un 4,2% respecto ao mesmo período do ano anterior (24.000 mulleres máis) fronte ao 2% no caso dos homes (12.200 persoas). No conxunto de España o incremento da poboación activa é superior tanto no caso dos homes como das mulleres, aumentando un 7,8% a poboación activa feminina e un 3,8% a masculina.

O devandito incremento ven explicado fundamentalmente polo incremento da poboación activa entre as persoas españolas, con 29.400 persoas máis, se ben as taxas de variación interanuais son significativamente más elevadas no caso das persoas de nacionalidade estranxeira (2,6% e 11%, respectivamente). Asemade, este incremento prodúcese basicamente entre as persoas maiores de 45 anos, cunha medra de 36.700 persoas (6,2%), das que 35.800 son de nacionalidade española (6,2%). Isto contrasta coa redución experimentada po-

## Evolución trimestral da poboación activa 2019-21: distribución segundo sexos




Fonte: IGE

las persoas comprendidas entre 35 e 44 anos (-1,1%; 3.900 persoas menos), descenso que se produce tan só no caso das persoas españolas (-2,6%), o que contrasta co incremento dun 24,1% no caso dos estranxeiros (4.800 persoas más), manténdose praticamente estable no caso dos menores de 25 anos (-0,2%; 100 persoas menos).

## ENTRADAS E SAÍDAS DA ACTIVIDADE


A Enquisa de fluxos da poboación activa reflicte que no segundo trimestre do ano pasaron a formar parte da poboación activa en Galicia desde a inactividade un total de 64.900 persoas, o que supón unha medra de 16.500 persoas respecto ao esti-

## Poboación activa no segundo trimestre 2021. Variación interanual



Fonte: IGE

## Fuxo da poboación activa dende o comezo da crise sanitaria. Evolución trimestral




Fonte: IGE, Estatística de fluxos da poboación activa

mado para o ano anterior. Por contra, o número de persoas que saíron da actividade descendeu ata as 47.500 persoas, cando no ano anterior o fixeran 87.300 persoas. Deste xeito, a diferenza do acontecido no ano anterior o mercado laboral galego presenta un saldo positivo entre as entradas e as saídas da actividade de 17.400 persoas, cando no momento onde a contracción económica foi máis intensa este saldo era deficitario (38.900 persoas).


O fluxo total de entrada á ocupación dende a inactividade sitúase de media no segundo trimestre do ano en torno ás 30.200 persoas, cifra lòxicamente significativamen-

te superior á do mesmo trimestre do ano anterior (70,6%; 12.500 persoas máis). Así mesmo, o fluxo de saída da ocupación cara á inactividade descendeu de media ata as 21.100 persoas, o nivel máis reducido dende o comezo da crise, o que supón 16.100 persoas menos que en 2020 (-43,3%). O número de persoas que estaban paradas no primeiro trimestre de 2021 e que saen da actividade descende a 26.400 persoas, cifra inferior en 23.700 persoas á do segundo trimestre de 2020 (-47,3%). Así mesmo o fluxo de entradas ao paro de persoas que no primeiro trimestre de 2021 eran considerados como inactivos ascende ata as


## Evolución trimestral da ocupación e o desemprego en Galicia 2019-21




Fonte: IGE, Enquisa poboación activa




Fonte: IGE, Contas económicas



Fonte: IGE, Afiliación á Seguridade Social



Fonte: IGE, Enquisa poboación activa e Demandas de emprego e colocacións



34.700 persoas, 4.000 máis que no mesmo trimestre do ano anterior (13%).

## Ocupación

A reactivación da actividade económica no segundo trimestre trasládase directamente ao mercado de traballo quen presenta unha mellora das grandes cifras do nivel de ocupación. Dunha banda, o incremento interanual tanto das afiliacións en alta laboral á Seguridade Social como da poboación ocupada estimada pola EPA é significativamente máis feble que o crecemento do PIB. Por contra, tanto o número de horas traballadas reflectidas nas contas económicas como o número medio de ho-

ras efectivamente traballadas reflectido na EPA presenta unha taxa de variación interanual superior a 33% aumentando o número de postos de traballo equivalente a tempo completo un 26,7% respecto ao ano anterior. Tendo en conta esta evolución, dende o comezo da crise sanitaria todos estes indicadores da ocupación presentan un mellor comportamento que o PIB, salientando que o número de horas efectivamente traballadas estimadas pola EPA no segundo trimestre de 2021 é similar ao do derradeiro trimestre de 2019, situándose lixeiramente por baixo no caso das afiliacións á Seguridade Social e dos postos de traballo equivalente a tempo completo.


No que ás afiliacións en alta laboral ao

Sistema da Seguridade Social en Galicia se refire, a reactivación tradúcese nun incremento das afiliacións dende marzo a xullo, descendendo por contra no mes de agosto. O número medio de afiliacións para o total do sistema no segundo trimestre do ano medra ata as 1.008.473 persoas, 30.107 afiliacións máis que no ano anterior (3,1%). España presenta neste segundo trimestre unha medra interanual do 3,7%, descendendo o número medio de afiliacións ata as 19.171.648 persoas.

Se se considera a evolución mensual o número de afiliacións é superior ás rexistradas no ano anterior a partir do mes de marzo, situándose moi próximo ao nivel acadado nos mesmos meses do ano 2019.

Asemade, a partir do mes de febreiro rexístrase un descenso do número de traballadores en ERTE en Galicia, acadando a finais de xuño un total de 16.117 persoas, o que representa o 2,1% do total de afiliados por conta allea cando no mes de xaneiro esta porcentaxe ascendía ao 6,1%. Cómpre recordar que no comezo da crise orixinada polo coronavirus o número de traballadores acollidos a un ERTE representaba máis do 20% (20,1% en marzo e 23,9% en abril). Atendendo á súa distribución segundo tipo de ERTE, das que 7.173 están protexidos por un ERTE de limitación no mes de xuño e 3.742 por ERTE correspondentes á cadea de valor de sectores ultraprotexidos.

### Evolución mensual das afiliacións á Seguridade Social en Galicia 2016-2020



(1) Datos de afiliacións á Seguridade Social descontado os traballadores acollidos a un ERTE

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

## Evolución do número de traballadores afectados por un ERTE

2020	Total	Anteriores a RD30/2020	RD30/2020 y siguientes				Cnaes anexo
			Impedimento	Limitación	Cadena de valor		
<b>Marzo</b>	153.741	153.741	-	-	-	-	-
<b>Abril</b>	180.349	180.349	-	-	-	-	-
<b>Maio</b>	111.200	111.200	-	-	-	-	-
<b>Xuño</b>	57.181	57.181	-	-	-	-	-
<b>Xullo</b>	29.363	29.363	-	-	-	-	-
<b>Agosto</b>	25.554	25.554	-	-	-	-	-
<b>Setembro</b>	20.712	20.712	-	-	-	-	-
<b>Outubro</b>	20.681	13.178	7.503	454	3.290	433	3.326
<b>Novembro</b>	39.391	13.682	25.709	11.232	9.727	497	4.253
<b>Decembro</b>	29.142	10.892	18.250	1.609	11.156	466	5.019
<b>2021</b>							
<b>Xaneiro</b>	47.810	10.830	36.980	497	6.119	13.968	16.396
<b>Febreiro</b>	41.399	9.832	31.567	487	6.171	5.521	19.388
<b>Marzo</b>	29.067	8.698	20.369	460	4.940	1.299	13.670
<b>Abril</b>	25.714	7.896	17.818	442	4.730	1.226	11.420
<b>Maio</b>	21.848	8.566	13.282	391	3.981	923	7.987
<b>Xuño (1)</b>	16.117	4.042	12.075	764	7.173	3.762	376
<b>Xullo (1)</b>	10.353	3.107	7.246	535	4.078	2.403	230

(1) Datos extraídos das notas de prensa

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Ao igual que a crise tivo un impacto moi desigual entre as distintas ramas de actividade, incidindo de xeito máis significativo en sectores como a hostalaría, ocio e restauración; comercio; actividades relacionadas co emprego; construcción especializada; e actividades de fogares como empregadores de persoal doméstico; o que contrasta co comportamento das actividades socio-sanitarias e a educación, a reactivación económica iniciada no segundo trimestre ten un impacto desigual entre as distintas ramas de actividade.

Dunha banda, a caída de afiliacións más acusada en termos absolutos corresponde ás ramas de servizos de comidas e bebidas (CNAE 56), con 1.838 afiliacións menos respecto ao mesmo

período do ano anterior, o que equivale a un descenso interanual do 3%; a continuación situáranse as actividades do sector agrogandeiro e forestal (CNAE 01), con 738 afiliacións menos (-2,1%) e o de fabricación de vehículos de motor, remolques e semiremolques (CNAE 29), cunha caída en torno a 670 afiliacións menos, (4%). Asemade hai que destacar a caída interanual do 8% experimentada polas actividades de fabricación doutro material de transporte (CNAE 30).

Por contra, a rama de actividade que experimentou o maior crecemento corresponde á educación (CNAE 85), cunha medra de 5.253 afiliacións máis que no ano anterior, por diante das actividades relacionadas co emprego

## Afiliacións á Seguridade Social no segundo trimestre 2020-2021 (media mensual): distribución segundo principais ramas de actividade (1)

	2020		2021		21/20	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
47 Comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	103.302	10,6	104.734	10,4	1,4	1.432
86 Actividades sanitarias	62.725	6,4	65.105	6,5	3,8	2.380
56 Servizos de comidas e bebidas	61.456	6,3	59.618	5,9	-3,0	-1.838
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obligatoria	55.902	5,7	57.725	5,7	3,3	1.823
85 Educación	49.196	5,0	54.449	5,4	10,7	5.253
43 Actividades de construcción especializada	46.522	4,8	49.049	4,9	5,4	2.527
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	47.052	4,8	47.797	4,7	1,6	745
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elles	35.499	3,6	34.761	3,4	-2,1	-738
49 Transporte terrestre e por tubaxe	31.795	3,2	33.262	3,3	4,6	1.467
10 Industria da alimentación	30.101	3,1	30.639	3,0	1,8	538
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaria	27.427	2,8	28.610	2,8	4,3	1.184
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	25.319	2,6	25.726	2,6	1,6	407
41 Construcción de edificios	22.977	2,3	24.565	2,4	6,9	1.589
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	21.490	2,2	21.713	2,2	1,0	223
<b>Subtotal (ramas con más de 20.000 afiliacións )</b>	<b>620.761</b>	<b>63,4</b>	<b>637.754</b>	<b>63,2</b>	<b>2,7</b>	<b>16.993</b>
<b>Total</b>	<b>978.366</b>	<b>100</b>	<b>1.008.473</b>	<b>100</b>	<b>3,1</b>	<b>30.107</b>

## Ramas con maior descenso de afiliacións

	2020		2021		21/20	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
56 Servizos de comidas e bebidas	61.456	6,3	59.618	5,9	-3,0	-1.838
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elles	35.499	3,6	34.761	3,4	-2,1	-738
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	16.678	1,7	16.005	1,6	-4,0	-673
64 Servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións	9.098	0,9	8.602	0,9	-5,5	-496
30 Fabricación doutro material de transporte	5.871	0,6	5.399	0,5	-8,0	-472

## Ramas con maior incremento de afiliacións

	2021		2020		21/20	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
85 Educación	49.196	5,0	54.449	5,4	10,7	5.253
78 Actividades relacionadas co emprego	7.515	0,8	10.801	1,1	43,7	3.285
43 Actividades de construcción especializada	46.522	4,8	49.049	4,9	5,4	2.527
86 Actividades sanitarias	62.725	6,4	65.105	6,5	3,8	2.380
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obligatoria	55.902	5,7	57.725	5,7	3,3	1.823

(1) ramas CNAE 2009;

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social


(CNAE 78), con 3.285 afiliacións máis, e as ramas de actividades de construcción especializada e actividades sanitarias (CNAE 86), cun incremento en torno ás 2.400 afiliacións. En termos relativos cómpre resaltar o incremento da devandita rama de actividades relacionadas co emprego, cunha medra interanual do 43,7%.

Atendendo á evolución mensual dos principais subsectores ao longo dos últimos cinco anos, tanto o comercio

como sobre todo a hostalería presenta un nivel de afiliacións inferior ao rexistrado no ano 2016. Por contra, sectores como as actividades sanitarias e servicios sociais ou a educación presentan un número de afiliacións superior ao dos anos anteriores, especialmente significativo no caso das actividades sociosanitarias.

No que se refire á análise da poboación ocupada, tras catro trimestres consecutivos de descensos inte-

## Evolución trimestral da poboación ocupada 2019-2021: distribución segundo sexo



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

ranuais, no segundo trimestre de 2021 a ocupación presenta unha medra do 2,5% (redúcese un 2,1% no mesmo trimestre do ano anterior), Galicia conta con 1.076.700 persoas ocupadas, 26.300 menos. Tal e como se reflectiu anteriormente a taxa de ocupación (relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos) aumenta ata o 46 %, se ben aumenta o diferencial con respecto á media estatal que se sitúa en 3,6 puntos fronte aos 3,2 puntos do trimestre anterior (no conxunto do Estado ascende ata o 49,6%). Esta porcentaxe mantén a Galicia como que a sitúa como a quinta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Canarias (42,9%), Asturias (44,1%), Andalucía (44,8%) e Extremadura (44,9%).

Tendo en conta o maior impacto da crise entre as mulleres, a reactivación da actividade reflíctese en que o incremento da ocupación sexa no segundo trimestre más intenso entre as mulleres que entre os homes. Así, a ocupación feminina medra en Galicia un 2,8% respecto ao ano anterior (14.100 mulleres ocupadas más) fronte a un 2,2% no caso dos homes (12.300 persoas). No segundo trimestre do ano anterior, cando o impacto da crise orixinada pola COVID é más intenso, a ocupación descendía un 4,4%, sendo esta caída interanual do 5,2% entre as mulleres (27.200 persoas) e d 3,7% entre os homes (21.200 persoas). Ao igual que en Galicia, no conxunto de España a mellora do emprego é más acusada

entre as mulleres que entre os homes, aumentando a poboación ocupada un 7% e 4,7%, respectivamente (5,7% de media en total).

Centrándose na análise das cifras totais da ocupación estimadas pola EPA, mentres que ao longo da crise o axuste do emprego producíase, con carácter xeral, en maior medida entre as persoas más vulnerables, como son as persoas más novas, asalariados con contratos temporais, traballadores con xornada a tempo parcial e persoas con menor nivel educativo; a reactivación económica nótase fundamentalmente entre aquelas con estudos superiores (27.500 ocupados más; 5,7%) e maiores de 45 anos (30.100 ocupados más; 5,6%). Por contra, a calidade de emprego non mellora na mesma intensidade dado que a ocupación a tempo parcial medra con maior intensidade que a ocupación a tempo completo (5,2% fronte ao 2,1%) e o número de persoas asalariadas temporais medra un 11,5% (21.600 persoas más) reducíndose a ocupación entre aquellas que teñen contratos indefinidos (-0,7%; 4.600 ocupados menos).

Atendendo á distribución da poboación ocupada segundo a súa situación profesional, no último trimestre o mercado laboral galego presenta unha medra tanto dos traballadores por conta propia como por conta allea, se ben a súa intensidade difire entre homes e mulleres. Dunha banda, a medra experimentada entre os traballadores por conta propia medra un

## Poboación ocupada en Galicia no 2º trimestre de 2021: distribución segundo sector económico, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadado

	Galicia (en miles de persoas)			Galicia 21/20 (%)		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	558,1	511,7	1.076,8	2,2	2,8	2,5
<b>Total</b>						
<b>Sectores económicos</b>						
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	25,8	19,2	47,0	0,7	-4,5	-1,5
Pesca e acuicultura	17,0	4,0	19,2	-1,3	21,2	2,7
Industria	126,2	49,2	168,8	-6,7	-11,0	-8,0
Construcción	64,1	6,2	78,1	11,3	-15,1	8,6
Servizos	325,1	433,0	763,5	4,3	5,2	4,8
<b>Situación profesional</b>						
Traballadores por conta propia	120,3	84,9	209,6	5,3	3,7	4,6
Empregador	39,9	27,4	70,8	18,6	12,8	16,3
Empresarios sen asalariados	77,2	53,7	130,6	-1,9	-2,9	-2,3
Membros cooperativas	0,3	1,2	2,9	240,0	140,0	190,0
Axuda na empresa ou negocio familiar	3,0	2,5	5,2	-6,9	38,9	10,6
Asalariados	437,6	426,7	867,1	1,4	2,6	2,0
Sector público	81,1	116,9	197,0	1,6	3,3	2,6
Sector privado	356,5	309,7	670,0	1,4	2,4	1,8
Outra situación	0,2	0,2	0,2	-100,0	-	0,0
<b>Ocupación</b>						
Directores e xerentes	23,8	13,1	39,6	22,1	8,3	17,2
Técnicos e profesionais científicos e intelect.	77,8	116,7	191,4	0,8	3,0	2,1
Técnicos e profesionais de apoio	79,3	49,3	130,8	13,0	20,2	15,6
Empregados contables, admóns. e outros empregados ofic.	31,3	64,4	95,5	-3,4	3,5	1,2
Trab. servizos restaur., persoais, protecc., vend. comerc.	71,0	152,6	224,7	-4,8	0,9	-1,0
Trab. cualificado no sector primario	33,2	20,3	52,8	5,9	-2,9	2,3
Trab. cualif. ind. manufact, construcc., minaría, agás operad.	122,2	16,1	144,5	-0,5	-19,1	-3,0
Operadores	78,3	13,4	86,5	-3,7	-5,0	-3,9
Ocupacións elementais	35,7	65,2	105,7	15,4	5,8	9,3
Ocupacións militares	5,4	0,5	5,1	-25,8	64,3	-32,9
<b>Grupos de idade</b>						
16-19 anos	2,0	0,8	2,9	-16,0	-33,3	-21,6
20-24 anos	14,7	13,0	29,3	3,2	4,8	3,9
25-34 anos	85,8	79,9	165,9	-4,2	2,3	-1,2
35-44 anos	163,1	146,4	311,3	1,5	-3,0	-0,7
45-54 anos	172,4	157,2	332,7	6,6	6,0	6,3
55 e máis anos	120,2	114,4	234,7	2,2	7,3	4,6
<b>Nivel de formación acadado (1)</b>						
Analfabetos	-	0,2	0,2	-100,0	-	-71,4
Educación primaria	16,5	7,1	22,0	-1,3	-29,7	-12,7
Educación secundaria	309,9	229,3	548,5	0,3	0,7	0,5
Educación superior	231,5	275,1	506,1	5,4	6,0	5,7

(1) Educación primaria inclúe estudos primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado

Fonte: INE, EPA

4,6% respecto ao mesmo período do ano anterior (9.300 persoas) impulsado polo crecemento dos empresarios con asalariados (16,3%; 9.900 persoas), o que contrasta coa caída nun 2,3% no caso dos empresarios sen asalariados (3.100 persoas menos). Neste caso, a intensidade da creación do emprego entre os empresarios con asalariados é superior no caso dos homes ao tempo que o axuste do ocupación entre aqueles que non teñen asalariados prodúcese en maior medida entre as mulleres. No caso do emprego por conta allea, a intensidade da creación de emprego é más acusada entre as mulleres tanto no sector privado como no público, aumentando un 3,3% no ámbito público (3.700 mulleres más) e un 2,4% no sector privado (7.200 persoas). En conxunto o emprego por conta allea medra un 2% en relación ao ano anterior, o que supón unha medra de 17.100 persoas, das que 10.900 son mulleres (2,6% más que no ano anterior) e 6.200 homes (1,4%).

Non obstante, este dinamismo non é homoxéneo entre os distintos sectores e ramas de actividade. Dunha banda, o emprego redúcese significativamente no conxunto do sector industrial impulsado pola caída da poboación ocupada nas ramas manufactureiras, e en menor medida no sector primario dada a caída da ocupación no subsector agroganadeiro e forestal. En termos interanuais, o emprego na industria manufacturera redúcese un 8,6%, o que supón 14.800 persoas menos, das que 7.500

son mulleres e 6.900 homes (13,9% e 6,1% menos, respectivamente), sendo esta caída do 0,3% no sector primario (200 mulleres menos). O emprego na pesca aumenta un 2,7% respecto ao ano anterior, concentrándose este incremento entre as mulleres, con 900 persoas más (21,2%) ao descender a ocupación entre os homes (-1,3%; 200 persoas menos).

Por contra, o maior incremento prodúcese no sector da construcción, cunha medra interanual do 8,6% (6.200 persoas más), rexistrándose tan só un incremento entre os homes (11,3%; 7.300 ocupados más). No sector terciario, o incremento do 4,8% experimentado no segundo trimestre de 2021 (5,2% entre as mulleres e 4,3% entre os homes) ven explicado fundamentalmente pola medra do 12,2% no caso do conxunto de actividades englobadas nas actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (16.600 persoas más), do 3,5% no subsector comercio (5.600 persoas) e o transporte e almacenamento (9,6%; 4.300 persoas). Por contra, cómpre mencionar o descenso experimentado tanto na hostalería, cunha redución do emprego do 5,8% (3.900 persoas menos) e do 2,4% no caso da educación (1.800 persoas menos).

Se nos fixamos brevemente na evolución do indicador do número medio efectivamente traballadas, que tal e como se indicaba en anteriores informes de conxuntura reflicte con maior precisión o comportamento da ocupa-

ción desde o comezo da crise sanitaria. Unha primeira diferenza respecto á evolución da poboación ocupada radica en que este indicador acada xa o nivel prexise no segundo trimestre de 2021, atopándose a poboación ocupada case dous puntos porcentuais por baixo. Asemade, a intensidade da creación de emprego é maior entre os homes que entre as mulleres. Frente á medra interanual do 35,7% do número de horas entre os homes as mulleres presenta un incremento do 30,5% (33,9% no total de Galicia). Tras esta evolución, o número total de horas efectivamente traballadas no segundo trimestre do ano aumenta ata as 34, situándose en 36,5 horas no caso dos homes e en 31,2 horas entre as mulleres.

Atendendo á desagregación segundo ramas de actividade e a súa comparativa co comportamento da poboación ocupada estimada na EPA, cómpre mencionar que todas as ramas de actividade presentan unha mellora respecto ao ano anterior. Asemade, naquelhas ramas de actividade nas que medraba a ocupación o número de horas traballadas o fai significativamente de xeito significativamente máis intenso. Neste senso hai que destacar a medra do 35,7% no número de horas efectivamente traballadas experimentada pola industria manufatureira fronte á caída do 8,6% da poboación ocupada. Entre as actividades do sector servizos salienta a mellorsa experimentada pola hostalería, que case triplica o número medio de horas traballadas respecto

ao ano anterior para situarse nas 33,2 horas (11,2 no segundo trimestre de 2020); ou as actividades comerciais, cunha medra do 42,6%, producíndose esta medra lixeiramente porriba no caso das mulleres que dos homes a diferenza do que acontece coa poboación ocupada.

## CALIDADE DO EMPREGO

Tal e como se mencionou anteriormente, o dinamismo económico non se traduce nunha mellora da **calidade de emprego** na mesma intensidade tendo en conta tanto o maior dinamismo da ocupación a tempo parcial respecto da ocupación a tempo completo como o incremento dos asalariados con contrato temporal en contraposición cos que teñen un contrato indefinido. Dunha banda, ocupación a tempo parcial no segundo trimestre do ano medra un 5,2% respecto ao ano anterior (7.300 persoas máis) fronte ao 2,1% no caso da ocupación a tempo completo (19.000 persoas máis). No caso do emprego asalariado, o emprego a tempo parcial medra un 2,6% (3.200 persoas) fronte ao 1,9% no caso do emprego a tempo completo (13.900 persoas máis). A análise da desagregación segundo sexo reflicte o aumento da desigualdade entre homes e mulleres xa que o 79,9% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia nese segundo trimestre son mulleres, case punto porcentual e medio máis que no ano precedente (78,5%), en tanto que no

**Poboación ocupada e número medio de horas efectivamente traballadas (na semana de referencia) en Galicia no segundo trimestre de 2021:  
distribución segundo sexo e ramas de actividade**

**Poboación ocupada**

	2021 (en miles de persoas)			21/20 (taxa variación interanual)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
<b>Total</b>	<b>1.076,7</b>	<b>565,0</b>	<b>511,7</b>	<b>2,5%</b>	<b>2,2%</b>	<b>2,8%</b>
<b>Sector Primario</b>	<b>66,2</b>	<b>43,0</b>	<b>23,2</b>	<b>-0,3%</b>	<b>0,0%</b>	<b>-0,9%</b>
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	47,0	27,8	19,2	-1,5%	0,7%	-4,5%
Pesca e acuicultura	19,2	15,2	4,0	2,7%	-1,3%	21,2%
<b>Industria</b>	<b>168,8</b>	<b>119,6</b>	<b>49,2</b>	<b>-8,1%</b>	<b>-6,8%</b>	<b>-11,0%</b>
Industrias extractivas	4,5	4,0	0,5	-2,2%	-7,0%	66,7%
Industria manufactureira	153,2	106,8	46,4	-8,6%	-6,1%	-13,9%
Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos	11,1	8,8	2,3	-2,6%	-14,6%	109,1%
<b>Construcción</b>	<b>78,1</b>	<b>71,9</b>	<b>6,2</b>	<b>8,6%</b>	<b>11,3%</b>	<b>-15,1%</b>
<b>Servizos</b>	<b>763,6</b>	<b>330,5</b>	<b>433,1</b>	<b>4,8%</b>	<b>4,3%</b>	<b>5,2%</b>
Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas	165,2	82,4	82,8	3,5%	4,7%	2,3%
Transporte e almacenamento	49,1	40,0	9,1	9,6%	12,7%	-2,2%
Hostalaria	63,9	23,1	40,8	-5,8%	-23,5%	8,5%
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	155,0	79,4	75,6	12,0%	11,8%	12,2%
Admón. pública e defensa; seguridade social obligatoria	70,2	39,2	31,0	3,1%	5,9%	-0,3%
Educación	72,6	22,3	50,3	-2,4%	-8,2%	0,4%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	106,8	23,7	83,1	3,4%	8,7%	2,0%
Resto de servizos	80,8	20,4	60,4	11,8%	10,3%	12,3%

**Número medio de horas efectivamente traballadas**

	2021 (en miles de persoas)			21/20 (taxa variación interanual)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
<b>Total</b>	<b>34,0</b>	<b>36,5</b>	<b>31,2</b>	<b>33,9%</b>	<b>35,7%</b>	<b>30,5%</b>
<b>Sector Primario</b>						
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	47,3	47,7	46,7	0,4%	6,2%	-6,8%
Pesca e acuicultura	28,2	29,5	23,9	13,7%	7,3%	54,2%
<b>Industria</b>						
Industrias extractivas	37,5	37,0	41,3	24,6%	14,2%	
Industria manufactureira	35,0	36,1	32,6	35,7%	37,3%	32,5%
Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos	36,8	38,2	31,7	12,2%	12,4%	46,8%
<b>Construcción</b>	<b>36,6</b>	<b>37,2</b>	<b>30,5</b>	<b>47,6%</b>	<b>48,2%</b>	<b>37,4%</b>
<b>Servizos</b>						
Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas	34,5	36,2	32,8	42,6%	41,4%	43,2%
Transporte e almacenamento	36,3	37,5	31,2	39,6%	39,9%	35,7%
Hostalaria	32,9	38,7	29,6	191,2%	230,8%	171,6%
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	34,7	37,8	31,6	19,7%	22,3%	16,6%
Admón. pública e defensa; seguridade social obligatoria	33,2	33,3	33,2	18,6%	18,1%	20,3%
Educación	30,6	31,5	30,2	15,5%	18,4%	14,0%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	31,1	34,5	30,1	15,2%	14,6%	15,3%
Resto de servizos	27,4	32,3	25,9	69,1%	81,5%	66,0%

Fonte: IGE

caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo é do 43,9%, porcentaxe similar á de 2020. Doutra banda, o 23,9% das mulleres asalariadas teñen un emprego a tempo parcial o que contrasta co 5,8% estimado na ocupación entre os homes (23,5% e 6,1% no ano precedente, respectivamente).

Doutra banda, o número de persoas asalariadas con contrato temporal medra un 11,5% (21.600 persoas más) reducíndose a ocupación 0,7% entre aquelas que teñen contratos indefinidos (4.600 ocupados menos). O devandito incremento do emprego temporal prodúcese tanto en homes como en mulleres, se ben é máis intenso entre as mulleres, onde o emprego temporal medra un 13,3% fronte aos 9,2% entre os homes (13.600 e 7.900 persoas más, respectivamente). Por contra, o número de persoas asalariadas con contratos a tempo completo prodúcese tanto no caso das mulleres como no dos homes, reducíndose en maior medida no emprego feminino, cunha caída interanual do 0,9% (2.800 mulleres menos), que no masculino (-0,5%; 1.800 persoas).

No sector privado o incremento da ocupación prodúcese na súa totalidade na contratación temporal, cunha medra interanual do 9% (12.500 persoas menos), permanecendo praticamente estable no caso da contratación indefinida (500 asalariados menos; -0,1%). Ao igual que no sector privado, o incremento da contratación prodúcese

no caso dos contratos temporais, que aumentan en Galicia un 18,7% (9.100 asalariados más), descendendo un 2,9% a contratación indefinida (4.100 persoas). Tras esta evolución, a taxa de temporalidade medra ata o 24,2%, dous puntos más que no mesmo período do ano anterior, sendo esta porcentaxe superior no ámbito público, cun 29,3%, que no sector privado, cun no 22,7%. Por contra, no conxunto do Estado a temporalidade aumenta ata o 25,1%, case tres puntos más que no ano anterior (22,4%), oscilando entre o 30,6% do sector público e o 23,6% estimada no sector privado.

## DESEMPREGO

A análise da evolución do desemprego desde o comezo da crise orixinada pola COVID está fortemente condicionada tanto polo cese total ou parcial da actividade como polas restricións de mobilidade aprobadas para frear a expansión do virus, que impiden a procura activa de emprego, condición indispensable para que estatisticamente a EPA considere unha persoa como parada, ou a aplicación e prorrrogas dos ERTE. Os datos recollidos na Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicten que no segundo trimestre de 2021 a poboación parada en Galicia ascende de ata as 152.400 persoas, 9.900 persoas más que no ano anterior, das que 80.600 son mulleres (52,8%) e 71.700 son homes (47,2%).

En termos relativos, a poboación parada redúcese tanto en Galicia como en España, sendo esta caída de maior intensidade na C.A., cun descenso do 6,9% respecto ao ano precedente fronte ao 5,2% no conxunto do Estado. Tras

esta evolución a taxa de paro en Galicia sitúase no 12,4%, cinco décimas máis que no mesmo período do ano anterior, reducíndose o diferencial co conxunto do Estado ata os 2,9 puntos porcentuais (15,3% nos dous trimestres).

### Evolución da poboación parada e da taxa de paro en Galicia 2019-2021.

	2019				2020				2021
	I	II	III	IV	I	II	III	IV	I
(en miles de persoas)									
<b>Poboación parada</b>	153,9	140,4	143,5	145,8	156,8	142,5	144,8	142,6	158,3
Homes	77,5	68,9	63,7	66,2	71,9	71,8	69,0	65,4	74,7
Mulleres	76,5	71,4	79,7	79,5	84,9	70,7	75,9	77,3	83,6
<b>Paro de longa duración</b>	59,9	56,0	56,7	55,7	55,4	40,1	53,7	50,1	61,4
(Taxa de variación interanual; %)									
<b>Poboación parada</b>	-17,5	-19,8	-6,2	-2,1	1,9	1,5	0,9	-2,2	1,0
Homes	-14,9	-16,3	-11,5	-8,9	-7,2	4,2	8,3	-1,2	3,9
Mulleres	-19,8	-23,1	-1,6	4,3	11,0	-1,0	-4,8	-2,8	-1,5
<b>Paro de longa duración</b>	-30,8	-30,8	-10,4	-9,0	-7,5	-28,4	-5,3	-10,1	10,8
(porcentaxe de poboación activa; %)									
<b>Taxa de paro</b>									
Total	12,5	11,3	11,5	11,7	12,6	11,9	11,8	11,7	13,0
Homes	12,1	10,7	9,8	10,3	11,1	11,5	10,7	10,3	11,8
Mulleres	12,8	12,0	13,3	13,3	14,3	12,4	13,0	13,2	14,3
<b>Segundo nivel de estudos</b>									
Estudios primarios	30,6	25,6	26,7	29,5	27,2	26,0	22,6	20,4	22,5
ESO. 1ª etapa	15,8	15,2	13,2	13,7	15,2	13,7	12,9	13,8	16,0
ESO. 2ª etapa	13,9	11,8	13,2	13,0	14,1	12,5	13,2	12,4	15,1
Educación superior	7,4	7,0	7,9	8,4	9,0	9,6	9,7	9,3	9,5
<b>Segundo grupos de idade</b>									
Menores de 25 anos	31,5	26,8	26,2	27,4	28,1	34,3	36,6	33,7	33,1
De 25 a 54 anos	12,1	10,9	10,9	11,2	12,5	11,8	11,1	11,4	12,8
Maiores de 55 anos	9,8	9,5	10,0	10,1	9,9	8,1	8,9	8,7	9,6
<b>Segundo nacionalidade</b>									
Española	11,9	10,8	10,7	11,0	12,0	11,3	11,1	10,7	11,8
Estranxeira	23,2	21,9	24,9	25,3	24,8	23,2	22,5	27,8	33,1

Fonte: IGE


O devandito incremento do desemprego estimado na EPA contrasta cunha redución do número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego en Galicia, que descende un 13% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior para situarse de media nas 164.600 persoas, 24.500 menos que no ano anterior. Atendendo á evolución mensual, e a diferenza do acontecido nos tres primeiros meses do ano, a partir de abril o desemprego sitúase por baixo do rexistrado nos mesmos meses do ano anterior.

Se se define o desemprego efectivo coma o paro rexistrado máis o número de traballadores afectados por un

ERTE, no ano 2021 o paro presenta unha tendencia descendente, acadando niveis inferiores aos do ano 2009. Cómprase destacar que en xullo de 2021 o paro efectivo tal e como se definiu tan só supera en 11.366 persoas ao rexistrado no mesmo mes de 2019, cando en xaneiro este diferencial ascendía a 58.994 persoas.

Centrándose na análise da poboación ocupada (EPA), a evolución das taxas de paro reflecten que o desemprego afecta en maior medida ao desemprego feminino tendo en conta as taxas de paro femininas son más elevadas que ás correspondentes aos homes. A taxa de paro entre as mulleres au-

### Evolución do paro rexistrado en Galicia 2008, 2009, 2013, 2019-2021.



Fonte: IGE

menta en máis dun punto porcentual respecto ao ano anterior para situarse no 13,6% en tanto que entre os homes a taxa de desemprego ascende ata o 11,3%, dúas décimas menos que no segundo trimestre de 2020.

En relación ao resto da CC.AA. a taxa de paro galega sitúase nunha posición intermedia, áinda que lonxe das taxas estimadas no País Vasco (10%), Navarra (10,3%) ou Aragón (10,7%). No que á taxa de paro feminina se refire, Galicia volve a presentar unha das taxas más reducidas, cun 13,6%, tan só superada por Navarra (9,8%), País Vasco, cun 10,4% e Madrid, co 12,8% (media estatal 17,4%). Non obstante, o diferencial coa media estatal ascende ata os 3,8 puntos porcentuais, 1,7 puntos máis que no caso da taxa de desemprego masculina. Esta última descende ata o 11,3%, o que a sitúa nunha posición intermedia respecto ao resto das CC.AA. (13,4% en España).

As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudos primarios son os colectivos máis afectados polo desemprego. Dunha banda, a taxa de paro entre os menores de 25 anos ascende ata o 33,7%, seis décimas menos do estimado no ano anterior, mentres que entre as persoas de 25 a 54 anos a taxa de paro sitúase no 11,7% e entre os maiores de 55 anos no 11% (11,8% e 8,1% respectivamente no segundo trimestre do ano anterior). Doutra banda, atendendo ao nivel de estudos rematados, a taxa de paro sitúase no 22,7% no caso das persoas con estudos primarios, case tres pun-

tos e medio menos que no ano anterior (26%), reducíndose ata o 9,2% entre aquelas con educación superior (9,6% no ano anterior). Por último, a taxa de paro entre as persoas con nacionalidade española aumenta lixeiramente ata o 11,5%, dúas décimas máis que no ano anterior, aumentando en catro puntos e medio entre os estranxeiros (27,8%).


Por último cómpre facer referencia á evolución do **desemprego de longa duración**, que reflícte o acusado impacto da crise orixinada pola pandemia tendo en conta o incremento do número de persoas nesta situación de desemprego. Se no segundo trimestre do ano 2020 Galicia contaba con 40.100 persoas paradas de longa duración, o nivel máis reducido dende o terceiro trimestre de 2009, o 28,1% do paro total estimado, un ano máis tarde os parados de longa duración ascenden a 63.700 persoas, o que supón unha medra do 58,9% (23.600 parados máis). Tendo en conta que a poboación parada estimada pola EPA medra neste último ano un 6,9%, no segundo trimestre de 2021 corenta e dous de cada cen parados galegos son parados de longa duración, fronte aos 28 estimados no mesmo período do ano anterior.

O devandito incremento rexistrase nos diferentes grupos de idade, salientando o estimado para as persoas cunha idade de 55 e máis anos e entre as persoas de 35 a 44 anos. Dunha banda, no segundo trimestre do ano o paro de longa duración en-

tre os maiores de 55 anos aumenta en 9.900 persoas respecto ao ano anterior (116,5%), acadando os 18.400 parados, o que representa o 28,9% do total (21,2% no mesmo período do ano anterior). Entre as persoas de 35-44 anos o incremento foi do 89,3% (6.700 persoas máis) ascendendo o paro de

longa duración ata as 14.200 persoas, o 22,3% do paro total de longa duración. O incremento interanual menos intenso rexistrouse entre as persoas con idades comprendidas entre 45 e 54 anos (10,1%; 1.400 persoas máis), e nos menores de 25 anos (39,3%; 1.100 persoas).

## Evolución do desemprego e do paro de longa duración 2009-2021



Fonte: IGE


Se se considera a duración das demandas de emprego rexistradas nas oficinas de emprego no último día de cada mes, o paro entre os demandantes cuxa duración é superior ao ano aumenta paulatinamente entre marzo e decembro de 2020 en relación ao

mes anterior, e tras un descenso en xaneiro, volve a aumentar en febreiro e marzo tras un novo pico da pandemia a finais de xaneiro e principios de febreiro. Como aspecto más significativo cómpre mencionar que dende o mes de xuño de 2020 o paro de longa

duración supera a aquel cunha duración inferior a seis meses, superando este diferencial as 30.000 persoas a partir de marzo de 2021. En xullo de 2021 o paro de longa duración ascende a 82.711 persoas, manténdose por

riba do nivel acadado no mesmo mes do ano 2019 (13.294 persoas máis), o que contrasta co desemprego de menor duración que ascende en 2021 a 48.837 persoas, 8.120 menos que en 2019.

